



NOTA INFORMATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE OLEIROS E A ANPA DO CEIP ISIDRO PARGA PONDAL PARA O DESENVOLVEMENTO DA PRESTACIÓN DE APOIO AO COMEDOR ESCOLAR

Para o vindeiro curso 2024-2025, o Concello de Oleiros, a través da Concellería de Servizos Sociais e Igualdade, e coa vontade de cubrir situacións específicas de vulnerabilidade e exclusión social, promove unha nova axuda municipal para os comedores do ámbito do Concello que estean a ser xestionados polas Anpas dos centros educativos. Esta iniciativa ven recollida na ordenanza de Medidas de Inclusión Social do Concello de Oleiros, aprobada inicialmente no Pleno do 27 de xullo de 2024, pendente da súa aprobación definitiva, e a convocatoria das prestacións de apoio ao comedor escolar para o curso 2024-2025 no BOP o día 24 de xullo de 2024.

Para levar a cabo o normal funcionamento das axudas para este vindeiro curso, o Concello de Oleiros e as Anpas implicadas, asinan o Convenio de Colaboración para o desenvolvemento da prestación de apoio ao comedor escolar. A efectividade do devandito convenio estará sempre suxeita a dispoñibilidade de prazas de comedor de cada centro coas que conten as Anpas.

Compromisos adquiridos pola Anpa Bidueiro:

- a. A reservar, na medidas das súas posibilidades, prazas no comedor do seu centro para ser destinadas ao alumnado das familias beneficiarias destas axudas.
- b. A garantir a igualdade de condicións de dito alumnado no servizo de comedor que ás do resto dos/das comensais.
- c. A facilitar o acceso ao comedor escolar do alumnado beneficiario, na data acordada co equipo técnico do Departamento de Servizos Sociais e Igualdade do Concello de Oleiros.
- d. A comunicar á empresa concesionaria do servizo do comedor a relación de alumnado beneficiario, coa porcentaxe de bonificación (100%, 60% ou 40%) concedida.
- e. A informar ás familias, no caso de valorarse necesario, sobre os trámites esixidos pola empresa concesionaria para ser usuario/a do servizo de comedor.
- f. A emitir ao Concello de Oleiros, nos primeiros 7 días naturais de cada mes, un certificado do mes anterior no que se recolla o nome e apelidos do alumnado beneficiario, a porcentaxe de bonificación e o custe do servizo de comedor aplicando (se fora o caso) os descontos que lle puidesen corresponder de acordo ao regulamento da ANPA.
- g. A colaborar co equipo técnico do Departamento de Servizos Sociais e Igualdade do Concello de Oleiros no seguimento do alumnado beneficiario destas axudas informando da súa evolución, así como de ausencias reiteradas ou outro tipo de incidencias significativas.



Compromisos adquiridos polo Concello de Oleiros a través do Convenio:

- a. Contactar e confirmar coa ANPA a dispoñibilidade de prazas antes de iniciar o servizo.
- b. Comunicar por escrito e de forma áxil á ANPA a concesión da axuda, na que se indicará o nome e apelidos do alumnado beneficiario, e o importe que asumirá o Concello de Oleiros (100%, 60% ou 40%) do coste mensual do comedor, así o como o período para o que está prevista inicialmente a cobertura da axuda.
- c. A realizar mensualmente á ANPA o pago do importe das cantidades comprometidas polo Concello de Oleiros para o alumnado beneficiario.

O prazo de solicitude desta axuda remata o día xoves 18 de xullo de 2024.